

Departamento de Inglés

IES AQUIS CELENIS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

English for Travel (O Inglés Orientado ás Viaxes)

2º DE BACHARELATO

Curso 2019-2020

Índice

1. Introducción e contextualización.....	4
1.1. Proxectos educativos desenvolto no centro.....	6
2. Contribución da área de Linguas Estranxeiras ao desenvolvemento dos proxectos educativos do centro.....	7
2.1. Proxecto lector.....	7
2.2. Plan de integración das TIC.....	7
2.3. Outros proxectos.....	7
3. Deseño curricular e currículo.....	7
4. Competencias clave	8
4.1. Perfil competencial.....	9
5. Contribución da materia Destrezas Oraís en Inglés ao desenvolvemento das competencias clave.....	10
6. Elementos transversais.....	11
6.1. Comprensión lectora.....	11
6.2. Expresión oral e escrita.....	11
6.3. Comunicación audiovisual.....	12
6.4. Tecnoloxías da información e da comunicación.....	12
6.5. Emprendemento.....	12
6.6. Educación cívica e constitucional.....	12
6.7. Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.....	12
6.8. Prevención da violencia.....	13
6.9. Educación e seguridade viaria.....	13
7. <i>English for Travel</i> e as destrezas oraís en inglés.....	14
8. O Bacharelato.....	17
8.1. Obxectivos xerais da etapa.....	18
8.2. Metodoloxía e materiais didácticos.....	18
8.3. Tratamento da diversidade.....	20
9. Programación didáctica de English for Travel para 2º de Bacharelato.....	21
9.1. Bloque 1: Comprensión de textos oraís.....	21
9.2. Bloque 2: Produción de textos oraís: expresión e interacción.....	23
9.3. Bloque 3: Comprensión de textos escritos.....	26
9.4. Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.....	28
9.5. Contidos sintáctico-discursivos.....	32
9.6. Procedementos e instrumentos de cualificación.....	34

9.7. Rúbricas de comprobación do grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe e temporalización dos mesmos.....	38
9.8. Temas de referencia para traballar os estándares de aprendizaxe.....	42
10. Contidos mínimos esixibles.....	44
11. Colaboración da auxiliar de conversa.....	47
12. Actividades extraescolares e complementarias.....	47
13. Actividades de recuperación e avaliación de alumnado coa materia pendente.....	46
14. Deseño da avaliación inicial.....	48
15. Procedementos para a avaliación da programación.....	48
15.1. Rúbrica para a avaliación dos procesos de ensino e a práctica docente.....	49
16. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.....	50

1. Introducción e contextualización

Introdución

A aplicación da LOMCE contempla en 2º de Bacharelato a dedicación de 1 hora a unha materia de libre configuración do centro, que se pode dedicara a :

- a) O afondamento e/ou reforzo dalgunha das materias do currículo, ou
- b) A unha materia determinada polo centro, segundo o proxecto educativo e previa autorización da consellería competente en materia educativa.

O Departamento de Inglés propuxo a creación dunha materia chamada “English for Travel”, que persegue como obxectivo que o alumnado poida mellorar a súa destreza oral adquirida na educación secundaria obrigatoria, ampliando así as súas posibilidades de comunicación nun mundo globalizado como o actual. O segundo obxectivo pretende achegar o alumnado, a partir de manifestacións culturais coma a música ou o cine, á diversidade das xentes que se expresan en inglés: Australia, Reino Unido, Estados Unidos, Nova Zelanda, República de Irlanda ...

Trátase de coñecer as claves que lle permitan ó alumnado, dun xeito doado, activo, participativo e práctico, pórse en contacto cunha realidade que está moi próxima a eles pero que a maioría percibe como moi lonxe debido ao seu baixo poder adquisitivo, tal e como se explica no apartado de contextualización.

O alumnado do I.E.S. Aquis Celenis é en gran parte galegofalante (arredor dun 50% utiliza o galego como lingua habitual) e por tanto unha maior aproximación á lingua inglesa é unha maneira de profundar no carácter plurilingüe do centro. O obxectivo é que o alumnado de bacharelato que escolle esta materia, se familiarice dun xeito lúdico e atractivo coa cultura anglófona, aparentemente tan lonxe deles e á vez tan necesaria no ámbito laboral e educativo.

De acordo con isto, a materia relaciónase especificamente coas seguintes competencias clave: Competencia lingüística (CL), Competencia dixital (CD), Aprender a aprender (CAA), Competencias Sociais e cívicas (CSE) e Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contextualización

O IES Aquis Celenis é un centro asentado nun concello de aproximadamente 10.000 habitantes que recibe alumnado de Caldas de Reis e outros puntos da contorna.

O Departamento de Inglés está formado por tres profesoras con destino definitivo no centro e habitualmente outro profesor/a que imparte inglés como materia afin.

O alumnado de educación secundaria obrigatoria provén, na súa meirande parte, do centro escolar que o IES Aquis Celenis ten asignado, o CEIP San Clemente. En xeral este alumnado provén dunha zona rural aínda que están moi vinculados a Caldas de Reis. Tamén engrosan os grupos de E.S.O. un número cada vez maior de alumnado procedente doutros centros da vila, e mesmo algúns desprazados de outros puntos da comunidade e/ou do resto do estado. Na maioría dos casos, a súa lingua vehicular no entorno familiar e xeográfico é o galego, se ben se aprecia un distinto uso no que se refire ó entorno escolar, onde a miúdo se comunican indistintamente en galego ou castelán cos seus compañeiros e profesores. Cara ó inglés amosan unha actitude bastante positiva, aínda que sen apreciar totalmente as posibilidades da ferramenta que se lles ofrece. En xeral, son participativos nas tarefas que requiren espontaneidade, e algo inconstantes no traballo diario.

O alumnado de Bacharelato que inicia ou continúa os seus estudos no noso centro procede de diversos puntos da comarca do Umia, aínda que a maioría proceden de outros centros educativos de Caldas, Cuntis, Moraña e Portas.

A diversidade de niveis é a tónica máis salientable no 2º curso de Bacharelato. Un número apreciable accede sen ter superado a materia en 1º de Bacharelato, ou con graves carencias. Unha vez detectados eses problemas, o profesorado procura axudar na medida do posible e algunhas familias tamén toman conciencia do problema e establecen medidas de apoio de xeito que en algúns casos as deficiencias subsananse antes de comezar 2º de Bacharelato, mentres que en outros, por distintos motivos, estas deficiencias manteñense ata o final do bacharelato. En moitas ocasións, o feito de non solucionar eses inconvenientes no primeiro curso fai moi difícil a superación da materia en 2º de Bacharelato.

A actitude do alumnado de Bacharelato no que se refire á lingua estranxeira é bastante diferente á que ten o alumnado da ESO. Pola súa idade, pero tamén polas circunstancias sociais que os/as rodean, séntense máis implicados na aprendizaxe do inglés, como lingua que hoxe en día e no futuro pode axudarlles nas súas posibilidades laborais e sociais. Porén, non podemos obviar o feito de que unha parte do alumnado considera a lingua estranxeira unha materia máis que debe superar para alcanzar os seus obxectivos de promoción, e algúns non comprenden a importancia

de aproveitar o avance que poden experimentar traballando a materia adecuadamente.

Os resultados académicos adoitan ser aceptables, e mesmo bos, pero a realidade fai que moitos deles, unha vez cumprida a súa estadía no noso centro, recorran ás escolas de idiomas para retomar ou perfeccionar a lingua estranxeira.

En xeral, o alumnado do IES Aquis Celenis ten un comportamento bo, con relacións boas entre eles, mais conflitivas na ESO que no Bacharelato. O trato co profesorado é cordial, como corresponde a un centro mediano onde é doado establecer relacións máis próximas e facer seguimentos máis precisos do alumnado.

1.1. Proxectos educativos

No IES Aquis Celenis continúan en marcha varios proxectos educativos:

A. Programa PLAMBE

B. Programa E-DIXGAL, co cal a actividade educativa diaria desenvólvese nun entorno virtual de aprendizaxe en 1º e 2º ESO.

C. Plan de integración das TIC.

D. Plan de Formación do Profesorado. (PFPP) de varias liñas, no que se inclúe TIL (planificación estratéxica das linguas no centro), Integración didáctica das TIC (Traballo cooperativo en rede), Biblioteca escolar, Iniciativas formativas no ámbito STEAM, e actualización científica e didáctica do profesorado.

E. Contratos-programa; PROA, Mellora das Competencias Clave (Competencia Matemática), Plan de Mellora da Convivencia e Promoción da Igualdade, Mellora da Calidade na Xestión dos Centros e Mellora do Nivel de Coñecementos para acadar a Excelencia.

F. Plan Proxecta: trabállanse dúas liñas: Innovación en Dinamización da Lingua Galega e Proxecto Terra (transformación do patio escolar)

G. Participación en Proxectos Institucionais: Semana da Ciencia, “Terras do Umia” (Festa da Lingua).

H. Programas de Intercambio Lingüístico-Cultural.

Todos eles inciden moi positivamente na difusión e didáctica das linguas estranxeiras. Ademais, a participación do centro no Proxecto de Plurilingüismo que comezou a ser efectiva no curso 2013-14 crea grandes expectativas no que se refire á mellora na difusión e práctica da lingua inglesa na contorna. Durante o presente curso académico o alumnado de 1º de ESO recibirá docencia na lingua estranxeira na materia de libre disposición **Paisaxe e Sustentabilidade**, e **Introdución ás TIC**, o que contribuirá moi positivamente a mellorar a percepción da lingua estranxeira como medio de comunicación nun ámbito distinto.

2. Contribución da Área de Linguas Estranxeiras ao desenvolvemento dos proxectos educativos do centro.

2.1. Proxecto lector

O Departamento de Inglés participa activamente nas actividades programadas dentro do Proxecto Lector do centro e particularmente en dúas:

- a) Tempo de lectura na aula, na que o alumnado de todos os niveis da ESO le en silencio durante unha sesión completa semanal a lectura que eles elixen libremente de entre as que dispón a biblioteca de aula, con diferentes formatos, linguas e temática diversa.
- b) Sesións de lecturas en inglés con audio, xeralmente das lecturas que o departamento programa como complementarias, tanto na E.S.O. como en Bacharelato, para fomentar o interese pola lectura mesmo daqueles libros que forman parte do traballo na materia así como da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción da información.

2.2. Plan de integración das TIC

Este departamento contribúe na integración das TIC coa participación en dous proxectos:

- a) Proxecto de Plurilingüismo. O alumnado desenvolve actividades en soporte informático para levar a cabo a tarefa común que se establece na materia impartida en inglés. Acometese deste xeito a alfabetización dixital dos estudantes con referencia á lingua estranxeira para logo pasar a utilizar os ordenadores a cotío para a busca en Internet da información necesaria.
- b) Libro dixital. O noso departamento, continúa a utilizar o libro dixital (o libro do estudante) en 1º de ESO como base da materia nas clases.

2.3. Outros proxectos

O Departamento de Inglés contribúe así mesmo con outras iniciativas xa mencionadas, PROXECTO TERRA, PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC e PLAMBE, e seguirao facendo na medida que se estableza nos diferentes proxectos.

3. Deseño Curricular e currículo

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 6 e 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 3 do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria

obligatoria e do bacharelato.

Así mesmo, ten por obxecto regular a ordenación das ditas etapas educativas, de acordo coa disposición final sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

4. Competencias clave


En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, o decreto 86/2015, do 25 de xuño incorpora a clasificación e denominacións definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Competencia lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

4.1. Perfil Competencial de *English for Travel*



CCL: Competencia en Comunicación Lingüística

INGLÉS ORIENTADO ÁS VIAXES: Aparece nos 22 estándares.

CD: Competencia Dixital

INGLÉS ORIENTADO ÁS VIAXES: Aparece en 12 dos 22 estándares.

CAA: Competencia de Aprender a Aprender

INGLÉS ORIENTADO ÁS VIAXES: Aparece nos 22 estándares.

CCEC: Competencia de Conciencia e Expresións culturais

INGLÉS ORIENTADO ÁS VIAXES: Aparece nos 22 estándares

CMCCT : Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencias e Tecnoloxía

INGLÉS ORIENTADO ÁS VIAXES: Aparece en 0 dos 22 estándares.

CSC: Competencias Sociais e Cívicas

INGLÉS ORIENTADO ÁS VIAXES: Aparece nos 22 estándares.

CSIEE: Competencia do Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor

INGLÉS ORIENTADO ÁS VIAXES: Aparece en 0 dos 22 estándares.

5. Contribución da materia de Destrezas Orais en Inglés ao desenvolvemento das competencias clave.

Contribúe á competencia en comunicación lingüística ofrecendo máis oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe a través de comparacións entre as distintas linguas que se están a aprender.

Esperta no alumnado a consciencia do estado dos seus coñecementos e o desexo de utilizar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información universal.

Favorece un proceso dinámico de aprendizaxe ao longo da vida.

Contribúe á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducendo unha capacidade crítica e visión razoada e tendo que aplicar principios e procesos matemáticos en distintos contextos ou para resolución de problemas. Así mesmo tratáanse de fomentar accións encamiñadas á conservación e mellora do medio natural e do benestar persoal e social.

Contribúe á competencia dixital de forma continua, desde o uso das TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, correo electrónico, etc. pasando polo uso das distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, internet, presentacións en PowerPoint... ata o uso de distintos recursos para a aprendizaxe das linguas: programas de software específico, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc.

Contribúe á competencia de aprender a aprender fomentando que o alumnado acceda a distintos tipos de información, textos e contidos que lle permitan acceder á aprendizaxe.

Contribúe ás competencias sociais e cívicas a través de dúas vías. Por unha banda, todas as linguas son un vehículo para a interacción social, e a súa aprendizaxe comprende non só os aspectos exclusivamente lingüísticos, senón tamén os compoñentes socioculturais que subxacen no uso da lingua. Por outra banda, toda lingua é un vehículo de transmisión cultural e o seu coñecemento favorece a tolerancia e respecto polas outras culturas, favorecendo actitudes socialmente positivas.

Facilita o sentido de iniciativa e espírito emprendedor xa que permite manexarse en situacións nas que doutro xeito, non sería posible ou necesitaría de axuda. Partindo de ideas e situacións teñen que planificar como chegar a actos reais xestionando os coñecementos e destrezas necesarias. Foméntase o recoñecemento das oportunidades que dan as linguas en actividades persoais, profesionais e comerciais. E facilítase o traballo individual e en equipo onde deben amosar o seu grao de participación, capacidade de liderazgo e delegación, o seu sentido da

responsabilidade e autoconfianza e a auto-avaliación.

Ofrece oportunidades para o achegamento ás súas principais manifestacións artísticas e culturais. Así contribuírase ao desenvolvemento da competencia de conciencia e expresións culturais do alumnado a través da presentación de modelos lingüísticos que conteñan valores artísticos ou culturais de xeito que aprendan a valorales e a atopar goce estético neles así como a valorar a liberdade de expresión e o dereito á diversidade cultural.

6. Elementos Transversais

6.1. Comprensión lectora

O departamento de Inglés nesta materia fomentará a lectura no alumnado por medio de textos e artigos ou calquera tipo de lectura relacionada co idioma que o profesorado considere axeitado ao seu nivel e interese, que servirán como apoio á práctica oral.

6.2. Expresión oral e escrita

O departamento de inglés fomentará por medio desta materia a expresión oral no idioma. Ao estar incluído o centro no proxecto de plurilingüismo, o alumnado fará práctica oral unha vez á semana coa auxiliar de conversa e este obradoiro tamén contará coa colaboración da auxiliar de conversa, o que dinamizará o ensino da lingua inglesa do noso alumnado dun xeito máis profundo. A práctica escrita non será habitual en cada clase pero axudará ao alumnado a desenvolver algunhas das tarefas previas á práctica oral.

6.3. Comunicación audiovisual

O departamento de inglés habitualmente emprega videos nos que se amosan distintos aspectos das vida inglesa ou americana. Por outra banda, é habitual o uso de audios, con o seu vídeo, para a práctica do idioma.

6.4. Tecnoloxías da información e da comunicación

O departamento de inglés leva a cabo habitualmente distintas actividades nas que o alumnado ten que empregar as novas tecnoloxías, como presentacións en PowerPoint e dispón gratuitamente de materiais dixitais que lle oferta gratuitamente a editorial coa que traballamos.

6.5. Emprendemento

O profesorado de inglés fomenta a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido

crítico.

6.6. Educación cívica e constitucional

Ao longo do curso mostraráselle ao alumnado aspectos da vida cotiá nos que é necesario respectar unhas normas básicas, e adoptar actitudes positivas e solidarias para a convivencia en sociedade. Fomentarase o respecto pola xente coa que convivimos e o medio natural no que nos desenvolvemos, as normas de comportamento nos distintos lugares que frecuentamos, etc.

Así mesmo fomentarase o desenvolvemento de valores que sustentan a pluralidade e o respecto ao Estado de dereito.

6.7. Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres

Nin as persoaxes principais nin a xente da que se trata na aula mostran características distintas polo feito de ser rapaces ou rapazas, homes ou mulleres: todos eles fan deporte, preocupáanse pola súa dieta e a súa saúde, trunfan nas súas respectivas profesións, participan nas labores do fogar, etc. amosando o **principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera circunstancia persoal ou social** e rexeitamento comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Por outra parte, a lingua inglesa, como reflexo dunha realidade sociocultural, fomenta no alumnado a reflexión sobre este tema, a través de termos que fan referencia ás persoas sen especificar o sexo: friend, parents, children, cousin, student, teenager...

Por medio das distintas actividades e lecturas empregadas no material curricular desenvolveranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo lingüístico, a paz, a democracia, os dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e mulleres, e ás persoas con discapacidade.

6.8. Prevención da violencia

Na loita por acadar un mundo sen conflitos nacionais e internacionais, é fundamental inculcarlles ás novas xeracións o respecto por sociedades e culturas distintas á propia. O material curricular co que se vai traballar mostra unha realidade plural, e ofrécena como modelo de convivencia armónica, ó coincidir nacionalidades diferentes e contar cunha numerosa poboación de orixe asiática e afrocaribeña, de razas e crenzas diferentes.

A contribución de homes e mulleres de diferentes partes do mundo ó acervo cultural e ó progreso pacífico da humanidade serve para reforzar a idea dun mundo que pode desenvolverse sen recorrer á violencia para **solucionar os seus conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

En canto ós contidos específicos, trátanse cuestións como a relación coa familia e cos amigos, a comunicación en linguas e códigos de comunicación distintos ó propio, o respecto por culturas, razas e crenzas diferentes, a música come medio de entendemento entre os pobos, as achegas de diversos países á cultura e o progreso da humanidade, etc.

Desenvolveranse ao longo do curso actividades, ou colaborarase coas actividades que o centro organice, enfocadas á prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, racismo e xenofobia, e o estudo do Holocausto xudeo como feito histórico de xeito que impliquen un desenvolvemento de valores que sustentan o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e calquera tipo de violencia.

6.9. Educación e seguridade viaria

Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnas coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

As **datas idóneas para motivar a reflexión e o traballo sobre os temas transversais**, tanto por medio de actividades normais de aula coma por medio de actividades extraordinarias, son as seguintes:

-20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia.

-25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

-Do 2 ao 9 de decembro de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

-3 de decembro de 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

-10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

-30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

-8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.

-15 de marzo de 2020: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

-Do 9 ao 13 de marzo de 2020: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

-7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde.

-Entre o 20 e o 24 de abril de 2020: Semana do libro.

-2 de maio de 2020: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

-9 de maio de 2020: Día de Europa.

-Do 11 ao 15 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas.

-5 de xuño de 2020: Día Mundial do Medio Ambiente.

-De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

7. ENGLISH FOR TRAVEL E AS DESTREZAS ORAIS EN INGLÉS

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento.

Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade.

En foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o

coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.

As linguas teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

O materia de ***English for Travel*** está organizado en catro bloques que supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa:

Comprensión de textos orais

Producción de textos orais (expresión e interacción)

Comprensión de textos escritos

Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Esta materia non pretende esquecerse da existencia dun quinto bloque que sería a produción de

textos escritos, pero esta non é a finalidade práctica da materia. Se nalgún momento surxe a necesidade de desenvolvela, levaríase a cabo como apoio para a comprensión e produción oral, non como un fin en si mesmo.

8. O Bacharelato

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidades e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

As exixencias e necesidades na sociedade propiciaron axustes no ámbito escolar, preparando ao alumnado para vivir nun mundo máis internacional, multicultural e plurilingüe á vez que tecnoloxicamente máis avanzado.

O alumnado que accede a bacharelato posúe xa un coñecemento da lingua estranxeira que lle permite desenvolverse en situacións habituais de comunicación. O obxecto desta materia será afondar nas competencias clave adquiridas anteriormente, enriquecer o seu repertorio, así como ampliar os ámbitos nos que teñen lugar. De entre estes, cabe destacar o das relacións e as prácticas sociais habituais; o académico, ampliando aqueles contidos relacionados coa materia e outras materias do currículo e afondando no discurso científico-técnico, cultural e literario; no dos medios de comunicación; e no público, que abarca todo o relacionado coa interacción social e laboral.

En bacharelato é necesario continuar reforzando a autonomía do alumnado, xa que se perfilaron con maior precisión as súas necesidades e intereses de futuro. Polo tanto, a aprendizaxe da lingua estranxeira nesta etapa suporá, por unha banda, a prolongación e consolidación do que xa se coñece e, por outra, un desenvolvemento máis profundo das competencias clave necesarias tanto no ámbito académico como no profesional e social.

8.1. Concreción dos obxectivos da materia de *English for Travel (O Inglés orientado ás Viaxes)*

Dende a materia *English for Travel* contribuiremos á consecución dos obxectivos xerais do bacharelato centrándonos naqueles que selecciona a propia LOMCE no desenvolvemento do currículo para a consecución das capacidades que lle permitan ao alumnado ser quen de:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción

dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

8.2. Metodoloxía e materiais didácticos empregados en *English for Travel*.

O alumnado que se incorpora ás ensinanzas de bacharelato, en calquera das súas modalidades, posúe unha serie de competencias imprescindibles para a aplicación dos saberes adquiridos que foron desenvolvidas ao longo do ensino obrigatorio.

A metodoloxía empregada polo profesorado do Departamento de Inglés terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, con fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades.

Esta metodoloxía estará enfocada a favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

A metodoloxía empregada favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe da lingua estranxeira, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

O profesorado do Departamento de Inglés promoverá as medidas necesarias para que se traballen as habilidades de comprensión oral e de uso da información, a capacidade de se expresar correctamente en público na lingua estranxeira, e que o alumnado adquiera un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

O profesorado do Departamento de Inglés traballará de xeito integrado xunto cos outros departamentos de linguas, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

As linguas galega ou castelá só se utilizarán como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, dándosele prioridade á comprensión e expresión oral.

O **material didáctico** seleccionado polo Departamento para **English for Travel** en 2º de Bacharelato é o seguinte:

O Departamento de Inglés dispón de certos recursos, propiedade do Centro, que pode usar calquera profesor que o solicite, mesmo trasladándoos á aula. Trátase de:

- 5 reprodutores de CD.
- 2 grabadoras.
- Pizarras interactivas na maioría das aulas, e dúas aulas multimedia.
- Mapas de clase.
- Dicionarios en cada aula.

Así mesmo, existe un fondo bibliográfico específico que forma parte da biblioteca do Centro, e que contén lecturas graduadas (algunhas con gravación en audio), dicionarios e guías de gramática con exercicios.

8.3. Tratamento da diversidade

Nas aulas imos atopar alumnos/as con distintas habilidades, distintos ritmos de aprendizaxe ou situacións especiais dentro do sistema educativo como a integración tardía no sistema. O material empregado terá en conta ó alumnado que ten certas dificultades para alcanzar as capacidades especificadas nos obxectivos xerais da etapa e tamén o que desenrola con facilidade as capacidades expresadas nos obxectivos e precise realizar outras tarefas para non perder interese pola lingua estranxeira e fomenten a capacidade de aprender por si mesmos. Así mesmo realizaránse distintas tarefas que requiren un traballo en equipo encamiñadas ao intercambio de

coñecementos sobre o idioma entre o alumnado.

Tamén se ten presente que nesta etapa se van diferenciando os intereses e necesidades para avanzar no coñecemento e dominio da lingua estranxeira e, por iso, se seleccionan tipos de textos diversos nos seus contidos e formatos, así como tarefas variadas.

Os **textos e videos seleccionados** estan relacionados con situacións habituais durante as viaxes e teñen un carácter lúdico-informativo, con temas interesantes para o alumnado desta idade: extractos de noticias, reportaxes e artigos de interese xeral, folletos turísticos, recomendacións para viaxar a certos países, costumes de determinadas culturas, actitudes e xestos culturais, etc. As **ilustracións** axudarán a aclarar algunhas dúbidas que poida xurdir en torno ó contido dos textos ou videos.

A **tipoloxía das actividades** no ámbito das destrezas lingüísticas serán variadas. As actividades enfocadas á comprensión oral varían desde actividades de verdadeiro/falso, preguntas para identificar a personaxes ou recoñecer o tema dun texto ou video, exercicios para ordenar ilustracións, etc.

Para fomentar a expresión oral promóvese que o alumnado se acostume a dar a súa opinión dende o principio, cunha actividade introdutoria por parellas. As actividades van da pregunta directa ó traballo por parellas ou en grupos reducidos.

As **tarefas de reforzo** que se empregarán na aula, no caso de que algún alumno/a amose a súa necesidade por ter certas dificultades de aprendizaxe, terán como finalidade facilitar a superación de ditos problemas.

As **tarefas de ampliación**, no caso de ter alumnado cun nivel superior, proporcionan un amplo reforzo dalgúns dos contidos traballados na aula.

9. Programación didáctica de English for Travel

9.1. Bloque 1. Comprensión de textos orais

Obxectivos

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

Contidos

B1.1. Estratexias de comprensión:

-Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa o tema.

-Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada)

-Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.

-Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).

-Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.

-Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).

-Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.)

-Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.

B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.

Criterios de avaliación

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude

de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.

B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

B1.5. Comprender o sentido xeral e a información máis relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

B1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC

B1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

B1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC

B1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.

Competencias clave: CSC, CCEC, CD

B1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de

actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC

B1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

9.2. Bloque 2. Producción de textos orais

Obxectivos

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

Contidos

B2.1 -Estratexias de produción:

-Planificación:

-Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade e da produción ou da interacción.

-Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.

-Execución:

-Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.

-Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.

-Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.

-Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou a mensaxe (limitar o que lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

-Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.

-Lingüísticos:

-Substituír palabras por outras de significado parecido.

-Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.

-Pedir axuda ou clarificación.

-Paralingüísticos:

-Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.

-Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).

-Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.

B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.

B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.

Crterios de avaliación

B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxicos máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.

B2.3. Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación habituais ou menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración, e sorpresa.

B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por

outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para inciar, manter e facer progresar a comunicación.

B2.5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e planos, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

B2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

B2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC

B2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC

B2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

9.3. Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Obxectivos

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

Contidos

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.

- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).

- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).

- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.

- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.

- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Recoñecemento da estrutura de cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura)

Criterios de avaliación

B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso a imaxes, títulos e outras informacións visuais e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de

palabras e expresións non coñecidas.

B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.

B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.

B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.

B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

B3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos de xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.

Competencias clave: CAA, CSC, CCEC, CD

B3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas)

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

B3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

B3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

B3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros

en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

B3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poidan xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

B3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

9.4. Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Obxectivos

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Contidos

B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos máis básicos.
- Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

-Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.

-Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables).

-Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.

-Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.

-Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

B5.4. Plurilingüismo:

-Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

-Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

B5.5. Funcións comunicativas:

-Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.

-Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.

-Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.

-Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.

- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.
- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.

- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:

- Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.

- Bens e servizos básicos.

- Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.

- Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.

- Calquera outro que se considere de interese.

- Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.

B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

Criterios de avaliación

B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.

B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda que poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.

B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas.

B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos

lingüísticos ou culturais.

B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.

B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave

B5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC

B5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC

B5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC,

B5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

B5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.

Competencias clave: CCL, CAA, CSC, CCEC,

9.5. Contidos sintáctico-discursivos

-Expresións de relacións lóxicas:

-Conxunción : not only....but also / bothand

-Disxunción: (or)

-Oposición/concesión: ((not...) but ;, though)

-Causa: because (of)

due to

as

-Finalidade: (to + infinitive ; for + -ing)

-Comparación: as / not so Adj. As

less/more+ Adj./Adv. (than)

better and better

the highest in the world

-Resultado: (so; so that)

-Condición: (if ; unless)

-Estilo indirecto: (reported information, offers, suggestions and commands).

-Relacións temporais: (the moment (she left) ; while).

-Afirmación: (affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so).

-Exclamación: What + (Adj. +) noun, e.g. What beautiful horses!

How + Adv. + Adj., How very nice!

Exclamatory sentences and phrases, e.g. Hey, that's my bike!

-Negación: negative sentences with not, never, no (Noun, e.g. no chance), nobody, nothing.

Negative tags

Me neither

-Interrogación: Wh- questions

Aux. Questions

What is the book about?

Tags

-Expresión do tempo:

-pasado (past simple and continuous; present perfect; past perfect)

-presente: (present simple and continuous)

-futuro: (going to; will; present simple and continuous + Adv.)

-Expresión do aspecto:

-puntual: simple tenses.

-durativo: present and past simple/perfect and future continuous.

-habitual: simple tenses (+ Adv., e.g. every Sunday morning)

- used to.
- incoactivo: be about to.
- terminativo: stop + -ing.
- Expresión da modalidade:
 - factualidade: declarative sentences.
 - capacidade: can ; be able to.
 - posibilidade/probabilidade: may; might; perhaps.
 - necesidade: must; need; have (got) to.
 - obriga: have (got) to; must; imperative.
 - permiso: may; could; allow.
 - intención: present continuous.
- Expresión da existencia: (e.g. there could be)
 - a entidade: count/uncount/collective/compound nouns
 - pronouns: relative, reflexive/emphatic, one(s)
 - determiners
 - a cualidade: (e.g. pretty good; much too expensive)
- Expresión da cantidade: singular/plural
 - cardinal and ordinal numbers
 - Quantity: e.g. lots/plenty (of)
 - Degree: e.g. absolutely; a (little) bit
- Expresión do espazo: prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement.
- Expresión do tempo:
 - points: e.g. at midnight.
 - divisions (e.g. term) and indications (ago; early; late) of time; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e.g. twice/four times a week; daily).
- Expresión do modo: (Adv. And phrases of manner, e.g. carefully; in a hurry).
- Uso de conectores.
- Have/get causative.
- Phrasal verbs.
- Gerund and infinitive.

9.6. Procedementos e instrumentos de cualificación

O alumnado deberá aplicar os contidos adquiridos nas probas prescritas ó longo do curso. Tendo en conta que a materia de lingua estranxeira se avalía de forma global, a proba final non é o único instrumento de cualificación que se terá en conta para coñecer o progreso do alumno/a ó longo do ano escolar.

Complementariamente, deberanse ter en conta as probas de control que se establezan en cada período avaliativo, así como o traballo persoal desenrolado na aula.

Preténdese que o estudante acade un dominio aceptable da linguaxe oral, o cal terá unha repercusión importante na súa linguaxe escrita, amosando a súa capacidade para comprender videos e audios de nivel intermedio-alto e para desenvolverse en situacións da vida real orientadas ás viaxes. Tamén se valorará a capacidade para incluír elementos propios e a actitude positiva cara á aprendizaxe da lingua.

Os instrumentos de avaliación seleccionados para 2º de Bacharelato proporcionan ao profesorado e alumnado información sobre o grao de consecución dos obxectivos para este curso e permiten medir o rendemento académico do alumnado.

No que respecta á avaliación das capacidades enunciadas nos obxectivos xerais de área ó longo do proceso de ensino/aprendizaxe, determinadas actividades de ensino serven como actividades avaliadoras. O maior ou menor grao de realización da tarefa dará unha indicación do cumprimento do criterio en cuestión. Deste xeito reforzarase o papel formativo da avaliación ó non precisar técnicas ou instrumentos intrusivos, alleos ó proceso de ensino/aprendizaxe.

CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS E CONVOCATORIA ORDINARIA DE XUÑO

O profesor terá en conta o traballo diario en aula do alumno/a así como o seu esforzo na preparación das tarefas, tanto en aula como fora da aula, á hora de calcular a nota final de cada avaliación. Farase un exame oral e unha presentación oral que pode necesitar apoio visual, tipo presentación powerpoint, ou máis por avaliación, segundo o criterio do profesor/a. Outros métodos de avaliación serán os seguintes:

1. Observación directa do alumnado na clase.

Isto permitirá determinar os seguintes aspectos:

- Interese pola aprendizaxe da lingua estranxeira.

- Bo uso do material necesario para a aprendizaxe, tanto dos libros de texto, de ser o caso, como do material empregado e entregado polo profesor/a.
- Colaboración cos seus compañeiros/as nas tarefas que deben realizar en grupo.
- Emprego da lingua estranxeira na aula usando o vocabulario e expresións axeitadas á intención comunicativa.
- Elaboración de apuntamentos ordenados e comprensibles.
- Realización de traballos ben organizados e presentados.
- Realización das tarefas e deberes marcadas polo profesor/a.

2. **Controis en aula.** Estas probas permitirán determinar o grao de asimilación dos contidos e o nivel de aplicación dos mesmos ao longo de cada trimestre. En ningún caso serán o único instrumento de avaliación do alumnado.

3. **Probas trimestrais.** Estas probas comunicaráselle ao alumnado con antelación. A non realización das mesmas suporá a cualificación de suspenso no trimestre correspondente, ou de ser o caso, de toda a materia.

4. **Autoavaliación.** O alumnado debe atender ás observacións realizadas na clase polo profesor/a co obxectivo de corrixir ou mellorar as súas posibles deficiencias nas probas obxectivas e trimestrais.

O profesor/a se reserva o dereito de rexeitar unha proba que presente unha caligrafía ilexible.

Os traballos realizados polo alumnado que non son de elaboración propia non serán tidos en conta como instrumento de cualificación.

A cualificación de cada avaliación trimestral dependerá das obtidas na observación directa, das probas obxectivas e das probas trimestrais. A ponderación que se lle aplicará a cada método empregado será a seguinte:

-Speaking.....	35%
-Listening.....	35%
-Traballo de aula	30%

A non realización das probas mencionadas suporá o suspenso na avaliación, e de ser o caso, do curso.

English for Travel é unha materia que require do traballo constante e eficaz en aula por parte do alumnado, polo que a porcentaxe deste traballo de aula supón un 30% da nota global de cada trimestre e medirase diariamente co control dos exercicios realizados. Para acadar esta porcentaxe o alumnado debe realizar todas as actividades encomendadas amosando o seu interese por mellorar a súa destreza oral, e debe asistir a clase.

A cualificación final da materia terá como referente a consecución ou non dos obxectivos programados, polo tanto en ningún caso un alumno/a que só obteña unha cualificación positiva nun trimestre, incluído o terceiro, considerárase aprobado se non están conseguidos os obxectivos programados.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO (antes setembro)

Na proba extraordinaria de xuño a ponderación variarase xa que tanto os recursos técnicos como humanos do centro, así como o axustado calendario marcado pola Consellería de Educación imposibilita a realización de todas as probas levadas a cabo durante o curso. Polo tanto a cualificación do alumnado en setembro atenderá ás seguintes probas e ponderación:

- Proba de listening50%
- Proba de speaking.....50%

Para superar a materia o/a alumno/a deberá acadar un cinco (5) sobre dez (10) de media.

9.7. Rúbricas de comprobación do grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe e temporalización dos mesmos

Estándares de aprendizaxe	Niveis de adquisición				Instrumentos de avaliación			
	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente	Observación	Proba escrita	Proba oral	TEMPORALIZACIÓN
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS (LISTENING SKILL)								
B1.1. Nas actividades de aula persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.					100%			1ª-2ª-3ª avaliación
B1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar odito ou pedir confirmación						100%		1ª-2ª-3ª avaliación
B1.3. Comprende nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.) sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.					100%			1ª-2ª-3ª avaliación
B1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.					100%			2ª-3ª avaliación
B1.5. Comprende, nunca conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre distintos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.					100%			1ª-2ª-3ª avaliación
B1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.						100%		1ª-2ª-3ª avaliación

Estándares de aprendizaxe	Niveis de adquisición				Instrumentos de avaliación			
	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente	Observación	Proba escrita	Proba oral	TEMPORALIZACIÓN
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS (SPEAKING SKILL)								
B2.1. Fai presentaciónns ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.							100%	1ª-2ª-3ª avaliación
B2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.							100%	2ª-3ª avaliación
B2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüística (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.							100%	1ª-2ª-3ª avaliación
B2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.							100%	2ª-3ª avaliación

Estándares de aprendizaxe	Niveis de adquisición				Instrumentos de avaliación			
	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente	Observación	Proba escrita	Proba oral	TEMPORALIZACIÓN
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS								
B3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.					50%	50%		1ª-2ª-3ª avaliación
B3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).					50%	50%		1ª-2ª-3ª avaliación
B3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.					50%	50%		1ªª avaliación
B3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.					100%			3ª avaliación
B3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.					50%	50%		1ª-2ª-3ª avaliación
B3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).					50%	50%		2ª-3ª avaliación
B3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materias de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.					50%	50%		1ª-2ª-3ª avaliación

Estándares de aprendizaxe	Niveis de adquisición				Instrumentos de avaliación			
	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente	Observación	Proba escrita	Proba oral	TEMPORALIZACIÓN
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE								
B5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.						20%	80%	1ª-2ª-3ª avaliación
B5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.) e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.						20%	80%	1ª-2ª-3ª avaliación
B5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.					100%			1ª-2ª-3ª avaliación
B5.4. Participa en proxectos (elaboración de materias multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.						100%		1ª-2ª-3ª avaliación
B5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.					50%		50%	1ª-2ª-3ª avaliación

9.8. Temas de referencia para traballar os estándares de aprendizaxe.

A seguinte temporalización dos temas de referencia sería a ideal pero debemos ter en conta que o noso centro organiza cada curso un número amplo de actividades complementarias, entre outras obradoiros, viaxes culturais, conferencias ou charlas culturais, ademais das organizadas polos distintos departamentos, incluído o de Inglés, polo que o profesorado ao longo do curso ten que axustar os tempos e os contidos o cal aparecerá recollido na memoria de fin de curso.

Temporalización das unidades

1º avaliación: Unit 1, Unit 2

Unit 1: Free time and hobbies

A maioría das persoas empregamos o tempo libre para viaxar e practicar os nosos hobbies ou probar actividades que se practican noutros países.

Unit 2: Technology

O emprego das novas tecnoloxías non se poden evitar nesta materia xa que a búsqueda de información ou a contratación de viaxes online axudan a planificalos dun xeito cómodo e as veces incluso moito máis económico.

2º avaliación: Units 3 and 4

Unit 3: Holidays

As vacacións son un momento idóneo para visitar lugares descoñecidos e coñecer xente con gustos similares. Desenvolverse en hoteis, restaurantes ou contratación de guías son situacións habituais nas que é necesario saber desenvolverse en inglés.

Unit 4: Jobs

En segundo de bacharelato o alumnado xa pensa que lle gustaría facer no futuro e debe reflexionar sobre as cualificacións que requiren determinados traballos. Moitos graduados deciden probar sorte no estranxeiro ou atopan ofertas interesantes que requiren un dominio avanzado do inglés.

Coñecer un CV seguindo o modelo europeo e elaborar un CV propio cando non se ten experiencia laboral é necesario para poder comunicar as túas habilidades e coñecementos.

3º avaliación: Units 5 and 6

Unit 5: Travel and tourism

Como turista é inevitable saber desenvolverse nun aeroporto e ser quen de comprender a información dos paneis dos aeroportos e de comunicarse co persoal do mesmo, xa sexa persoal de facturación, de embarque, auxiliares ou persoal do departamento de reclamacións, sobre todo polos múltiples problemas coa equipaxe e os retrasos ou anulacións de voos.

Por outra banda, unha reflexión como turista e a repercusión que viaxar ten no medioambiente é necesaria para poder levar a cabo un cambio en actitudes que non son *eco-friendly*.

Unit 6: Money and economics

Informarse sobre o tipo de moeda empregada no país que imos visitar é imprescindible, incluído un estudio básico sobre a súa economía para saber que cantidade necesitaremos según o tempo de estancia no país, e os distintos medios de pago que podemos empregar.

Así mesmo, é importante saber desenvolverse nun banco ou nun caixeiro automático tanto para sacar cartos como para pedir información necesaria durante as viaxes (roubo dunha tarxeta bancaria, cargo adicional etc.)

10. Contidos mínimos esixibles

Contidos sintáctico-discursivos:

- Present simple and continuous
- Verbos de estado
- Present perfect simple and continuous
- Ever / Never / For / Since / Still / Yet / Already / Just
- Comparatives and superlatives
- Past simple and past continuous
- Contraste Past simple and present perfect
- Past perfect
- Used to/ be used to/ get used to
- Verbos modais
- O futuro: will / be going to / Present Continuous
- Future perfect simple and continuous
- Future time clauses
- Oracións condicionais
- A pasiva
- Oracións de relativo
- Estilo indirecto
- Verbo + xerundio / infinitivo
- Adxectivos compostos
- adxectivo + preposición
- verbos + preposicións
- Phrasal verbs
- Do and Make
- Sufixos empregados con sustantivos e adxectivos
- Prefixos negativos
- Adverbios de modo
- False Friends
- Verbos irregulares contidos na listaxe do libro de texto

Comprensión de textos orais:

B1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar odito ou pedir confirmación

B1.3. Comprende nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.) sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

B1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamentel en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.

B1.5. Comprende, nunca conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre distintos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

B1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.

Producción de textos orais

B2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.

B2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.

B2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüística (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.

B2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.

Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe

B5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

B5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.) e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.

B5.4. Participa en proxectos (elaboración de materias multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias línguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

11. Colaboración da auxiliar de conversa.

Como centro pertencente á Rede de Centros Plurilingües cada curso recibimos a un/unha profesor/a nativo/a que colabora con nos no desenvolvemento da destreza oral por parte do alumnado.

As actividades a levar a cabo terán como finalidade a practica destinada a acadar os estándares de aprendizaxe fixados no bloque 1 (comprensión de textos orais) e bloque 2 (produción de textos orais: expresión e interacción) da programación didáctica, de maneira que a destreza comunicativa do noso alumnado mellore notablemente xa que é unha oportunidade valiosísima para os/as alumnas de todos os niveis.

Cada unha das sesións habitualmente consta dos seguintes pasos:

1. Posta en común da función que se pretende practicar, con explicación das estruturas máis común e ilustracións por medio de exemplos.

2. O alumnado traballa para deseñar a súa práctica, sexa individualmente, por parellas ou grupos, baixo a supervisión do profesor/a e a auxiliar de conversa.

3. Posta en práctica do traballo do alumnado, participando nos debates e tarefas de role play tratando de que se afagan a expoñelo como se fose unha situación real. O/A profesor/a toma nota do resultado e aplica unha nota numérica que formará parte da nota final de cada avaliación dentro do apartado de Traballo de Aula (30%).

A labor de organización e deseño dos contidos de cada actividade corresponderá ó profesorado que imparta a materia. Buscarase que o alumnado traballe alternativamente en grupos, parellas ou individualmente.

12. Actividades extraescolares e complementarias

O departamento de Inglés tentará no presente curso organizar unha ou máis charlas culturais no centro, actividade que normalmente facilitan as editoriais.

Así mesmo, na primeira reunión da CCP solicitarase que no apartado de actividades escolares se contemple este curso a asistencia de 2º de Bacharelato a unha obra de teatro en inglés. Non se descarta a organización de conta-contos en inglés e galego simultaneamente se os dous departamentos estivesen de acordo.

O Departamento de Inglés promove a participación do alumnado na Inmersión Lingüística en inglés ofertada pola Xunta de Galicia .

13. Actividades de recuperación e avaliación de alumnado coa materia pendente.

No curso 2019-2020 na materia de **English for Travel** non existe ningún alumno/a de segundo de bacharelato que teña a materia pendente, polo que non é preciso deseñar actividades de recuperación.

14. Deseño da avaliación inicial

O instituto Aquis Celenis recibe en 2º de bacharelato moi pouco alumnado procedente de outros centros de ensino da comarca. A destreza oral depende de moitas variantes, a habilidade persoal para os idiomas, o esforzo levado a cabo en secundaria e 1º de bacharelato para mellorar no uso da lingua, o número de alumnos/as por aula, o seu poder adquisitivo para poder participar en proxectos privados de inmersión lingüística e outros, polo que ao inicio de curso co alumnado de 2º de bacharelato levaráanse a cabo unha serie de tarefas de listening e speaking que marcarán o nivel de partida de cada grupo e permitirá facer grupos de traballo máis productivos.

15. Procedementos para a revisión, avaliación e modificación da programación.

O longo de todo o curso as reunións de departamento poderán reflexar todos aqueles aspectos da programación que precisen da súa modificación ou revisión para o vindeiro curso. Esas postas en común do profesorado poden, ademais, forzar cambios ou modificacións no contido da programación no transcurso do ano escolar, sempre que se produza consenso ó respecto. Se se producira calquera modificación, o profesorado ten a obriga de comunicalo inmediatamente ó alumnado que estea afectado polo cambio, e mesmo aconséllase que se faga público nos taboleiros establecidos a tal fin no centro escolar.

Ademais, ó remate do curso, realizarase unha avaliación da programación co obxecto de determinar entre outros os seguintes aspectos:

- Grao de adecuación e adquisición dos obxectivos específicos para cada curso.
- Temporalización e secuenciación dos contidos para cada curso.
- Necesidade de modificación, introdución ou adecuación de contidos específicos.
- Reflexión sobre o desenvolvemento da programación ó longo do curso, especialmente naqueles casos nos que esta non foi cuberta na súa totalidade.
- Reflexión sobre os resultados académicos do alumnado.
- Análise global do curso académico e das actividades extraescolares e complementarias.

A seguinte rúbrica permitirá facer unha reflexión en detalle para posibles modificacións tanto ao longo do curso como o vindeiro curso:

15.1. Rúbrica para a revisión, avaliación e modificación da programación

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.				
Plans de mellora.				
Medidas de atención á diversidade.				
Temas transversais.				
Obxectivos da materia.				
Competencias clave.				
Práctica docente.				
Programas de mellora para a práctica docente.				
Materiais e recursos didácticos				
Distribución de espazos e tempos				
Métodos didácticos e pedagóxicos				
Resultados da avaliación				

16. CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE. Concreción dos indicadores de logro.

Un aspecto importante na práctica docente é a avaliación da mesma, sempre coa finalidade de mellorar e lograr unha maior eficacia. Para realizar esta avaliación teremos en conta os indicadores de logro mencionados no seguinte cuestionario:

INDICADOR	SI	NO	PARCIALMENTE	XUSTIFICACIÓN
Emprégase unha estratexia metodolóxica común para todo o departamento				
Empregouse unha metodoloxía diversa				
A metodoloxía empregada permitiu manter o control da clase				
Coa metodoloxía empregada acadáronse os obxectivos de aprendizaxe perseguidos				
O material didáctico empregado resultou adecuado				
Seguíronse os acordos aprobados no PLC respecto á competencia comunicativa				
Empregáronse recursos TIC				
Participouse co alumnado en proxectos interdisciplinares de centro				
O sistema de avaliación resultou adecuado para avaliar as competencias				
A ponderación dos estándares resultou adecuada				
Os instrumentos de avaliación foron os acaídos en cada circunstancia				
A secuenciación e temporalización estivo axustada				
As medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE foron adecuadas				
Abordáronse os temas transversais acordados				
Os resultados académicos no grupo nesta materia foron similares ou mellors ca os da media dos cursos anteriores				
Os resultados académicos acadados nesta materia correspóndense cos resultados medios do grupo na maioría das materias				
As actividades extraescolares realizadas na materia permitiron mellorar as competencias do alumnado				

Asdo: Manuela Dios Suárez

Asdo: Ana María Moreno Rodríguez

Asdo: Davide Fernández García

Asdo: Pilar Herminda Liñares Sixto
Xefa de Departamento